

## **A loucura: o primeiro contacto práctico coa morte**

### **I**

En setembro do noventa e nove,  
tiven un accidente mortal do que me quedou a vida como secuela.

Recordo que era eu quen conducía e que a miña filla durmía  
nos brazos da súa nai no asento de atrás.

Chovía con suavidade  
sobre o asfalto xa mollado da autoestrada  
cando, de súpeto, como consecuencia da fase hipomaniáca  
na que entón me atopaba, sufrín un subidón de adrenalina  
que me levou a invadir, de maneira permanente,  
o carril esquerdo.

Ata que un coche se me cruzou  
para adiantar un camión  
e freei a fondo sobre o asfalto escorregadizo  
pola choiva miúda.

Foi pisar o freo  
e perder por completo o control do vehículo,  
que chocou contra os protectores laterais,  
contra a mediana, deu media volta de campá  
e quedou esnaquizado coas rodas mirando cara ao ceo.

Perdín tamén o control da mente,  
que voou por espazos descoñecidos durante uns segundos,  
que a min me pareceron horas, días, anos enteiros...

Porque, como nun relampo,

vin desfilar a miña vida toda nun intre de nada,  
a miña vida, a da miña compañeira e a da miña filla,  
tres vidas en perigo de morte, cuestión de segundos.

Pero non podíamos morrer así.

Por iso, invoquei a Deus e ao Demo á vez,  
estaba disposto a venderlle a alma a calquera  
con tal de salvar a nosa vida.

Ao final, foi o Demo quen se fixo cargo  
da negociación.

Pedía un sacrificio humano  
a cambio das tres vidas,  
calquera que se prestase lle valía.

Pero ninguén se prestaba ao sacrificio.

Todos pechaban os ollos  
ou lle desviaban a mirada á morte,  
porque lle tiñan medo, verdadeiro pánico.

Entón cambiaron os termos  
da negociación co Demo,  
que agora me preguntaba  
se estaba disposto a venderlle a miña alma  
a cambio da salvación das outras dúas.

Dixen que si.

Díxenlle que si ao Demo,  
a berros,  
uns berros que se fosen reais  
terían que oírse en moitos quilómetros ao redor.

Pero tan só eu oía os meus berros,

cada vez máis altos, máis fortes, máis desgarrados.

Berreille que si ao Demo.

Porque era a maneira máis rápida

de aprazar aquela tortura,

aquelas mortes prematuras,

absurdas, dolorosas, terríbeis.

Estaba xa negociando co Demo

o prezo definitivo das nosas vidas, das nosas almas,

cando, de súpeto, naquela agonía,

vin aparecer unha muller

que se achegaba cunha cara moi seria.

Quen sería aquela muller,

que se achegaba cunha cara tan seria,

disposta ao sacrificio,

que me dicía a min que espertase,

que lle dicía ao Demo que se afastase,

que lle dicía á miña filla “tranquila, nena, tranquila”,

mentres a nena choraba chea de vida,

choraba, choraba e choraba?

## II

Unha tarde de setembro

co destino inda moi lonxe,

cando chovía miudiño,

miroume sen verme a morte.

Foi saíndo da Coruña

ao voante do meu coche.  
Sen mirar tamén se ve,  
sen morrer tamén se morre,  
sen vivir tamén se vive,  
sempre escampa cando chove.

Vin a Deus e vin o Demo  
que preguntan e responden.  
Comprendín que non salva Deus  
nin o Demo te corrompe,  
que salvarte ou condenarte  
non é cuestión só de sorte.  
Eu salveime de milagre  
pero inda vexo a morte hoxe,  
cando morre cada tarde  
no máis profundo da noite.

### III

Tan fácil como difícil  
é vivir como morrer,  
porque vimos e marchamos  
non se sabe para que.

Tan fácil como difícil  
é mirar como non ver,  
porque pode un día a noite  
xa xamais amañecer.

Tan fácil como difícil  
é gañar como perder,  
porque poden derrotarte  
loitando moito tamén.

Tan fácil como difícil  
sentir dor como pracer,  
porque tamén é posíbel  
os dous sentires á vez.

Tan fácil como difícil  
éche ser como non ser,  
porque sempre é milagroso  
ese tránsito facer.

#### IV

Oín ás veces dicir  
que a vida pasa de présa.

Tamén ás veces oín  
que a vida pasa moi lenta.

Asusta a vida que pasa,  
asusta a vida que queda.

Asusta o tempo sombrío  
que ás veces tamén alegre.

Asustan as alegrías  
que veñen a duras penas.

Asusta caer de súpeto

nunha absoluta tristeza.

Oín ás veces dicir  
que a vida non é complexa.  
Que nos complican a vida  
filósofos e poetas,  
que só hai que vivir a vida  
ata que a morte apareza,  
e logo uns rezos sinxelos  
e que sexa o que Deus queira.

Tamén ás veces oín  
que hai quen soña cando esperta,  
xente que busca verdades  
que atopa nalgúns poemas.

## V

A xente que vin morrer  
aínda a vexo viva agora.  
Impresiona moito a vida,  
a morte máis impresiona.

Meu avó foise nunha tarde  
que morría moi fermosa,  
sentado ao pé da lareira,  
con case a familia toda.

A avoa foise de noite  
sentada na súa alcoba,

despois de vivir a vida,  
cando lle chegou a súa hora.

Meu pai foise algo a destempo  
con moi mal sabor de boca,  
pedindo perdón á esposa,  
que ao seu lado lle perdoa.

Miña nai foise calada  
porque xa ninguén a escoita.  
Miña nai, cando morreu,  
levaba xa días morta.

## VI

Eu quero morrer un día,  
eu quero morrer con calma,  
como morreu miña avoa,  
sentado na miña cama,  
despois de vivir a vida,  
porque me dá a min a gana,  
e morrer con dignidade,  
sen apartar a mirada  
da morte que se me achega,  
da morte que xa me chama.

Eu quero morrer sereno,  
de présa e con moita calma,  
a soas comigo mesmo

se a xente non me acompaña,  
con todo xa rematado,  
sen deixar pendente nada.  
Só quero levar comigo  
un puñado de palabras,  
que manteñan no silencio  
algún tipo de esperanza.